

# **A atención educativa hospitalaria e domiciliaria en Galicia**



**ORIENTACIÓN E RESPOSTAS EDUCATIVAS**

# **A atención educativa hospitalaria e domiciliaria en Galicia**

XUNTA DE GALICIA

**EDITA**

Xunta de Galicia  
Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

**IMPRIME**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**D.L.**

C 85-2009

## PRESENTACIÓN

*"Non hai menciña que cure o que non cure a felicidade."*

*Gabriel García Márquez*

**S**ensibilidade é a capacidade que temos os seres humanos para percibirnos e comprendernos o estado de ánimo, o xeito de ser e de comportarse das persoas, así como a natureza das circunstancias e dos ambientes, para actuar correctamente en beneficio dos demais. Sensibilidade é, pois, a primeira calidade que debe posuir o persoal, docente e sanitario, que comparte a dura experiencia da enfermidade dun neno ou nena con este e coa súa familia.

Esta calidade permitiralle ao dito persoal comprender a angustia e a inseguridade que provocan a miúdo nos pequenos e pequenas a doenza e máis a hospitalización; facilitaralle o ser paciente coa desmotivación que acompaña o aburrimiento dunha longa convalecencia; levarao a ser flexible para adecuarse ás necesidades e aos ritmos de cada criatura, así como a priorizar a comunicación do alumnado enfermo con outros nenos e nenas; axudarao a valorar o papel das familias e a orientalas para que todos os esforzos a prol do fillo ou filla enfermos converxan nunha soa dirección.

Esta sensibilidade, que sen dúbida veñen mostrando xa tanto os docentes das aulas hospitalarias coma os do centro ordinario de onde proceden as nenas e nenos convalecentes, é un requisito fundamental para o éxito da intervención educativa en circunstancias de enfermidade. A publicación que aquí comeza só quere, xa que logo, apoiar a dita intervención divulgando a existencia das aulas hospitalarias e da atención domiciliaria, ofrecendo documentos que axilicen os trámites e posibiliten a debida coordinación entre todos os axentes implicados ou presentando ferramentas que faciliten a comunicación dos nenos e nenas enfermos a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

Pero o máis importante, o achegamento enchoupado de sensibilidade aos pequenos e pequenas que sofren unha doenza e ás súas familias, continúa estando nas mans dos docentes, en quen confiamos.

Laura Sánchez Piñón  
CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>A ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA</b>	
<b>Que se entende por atención educativa hospitalaria?</b>	<b>7</b>
<b>IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN</b>	
<b>Proceso de incorporación e atención do alumnado na aula hospitalaria</b>	<b>13</b>
<b>RESPOSTA EDUCATIVA</b>	
<b>Que podemos facer desde a aula hospitalaria e desde os centros educativos?</b>	<b>17</b>
<b>Necesidades educativas e recursos necesarios</b>	<b>20</b>
<b>Recursos persoais e materiais das aulas hospitalarias</b>	<b>21</b>
<b>A intervención educativa hospitalaria</b>	<b>22</b>
<b>Aspectos metodolóxicos xerais</b>	<b>25</b>
<b>O PAPEL DAS FAMILIAS</b>	<b>27</b>
<b>A ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA</b>	
<b>Que se entende por atención educativa domiciliaria?</b>	<b>33</b>
<b>IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN</b>	
<b>Quen a fai e como se leva a cabo?</b>	<b>35</b>

## **RESPOSTA EDUCATIVA**

**Que podemos facer nos centros educativos? 37**

**Necesidades educativas 38**

**Recursos necesarios 38**

**A intervención educativa 38**

## **O PAPEL DAS FAMILIAS 39**

### **BUSCANDO AXUDA**

**Por onde empezou? 43**

### **PARA SABER MÁIS**

**Referencias lexislativas 46**

**Referencias bibliográficas 51**

**Ligazóns de interese 57**

**CARTA EUROPEA 68**







## ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA

### Que se entende por atención educativa hospitalaria?

O termo atención educativa hospitalaria fai referencia ao conxunto de accións que se desenvolven nas aulas hospitalarias para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece hospitalizado durante períodos prolongados por motivos de enfermidade ou accidente. Así mesmo contempla a atención educativa ao alumnado que, sen estar hospitalizado, recibe atención médica no hospital de día.

Nestas aulas son atendidos nenos e nenas que padecen diversos trastornos físicos, enfermidades, fracturas, operacións, etc., polo que deben ser ingresados nun hospital. Desta forma, poden continuar co proceso educativo con normalidade, dentro da anormalidade que lles supón estar fóra do seu ambiente familiar, escolar e social.



A atención educativa hospitalaria é desenvolvida a través do profesorado das aulas hospitalarias. Este profesorado desenvolve fundamentalmente o seu labor nas aulas situadas nos departamentos de pediatría dos principais complexos hospitalarios galegos, onde se atende ás rapazas e aos rapaces enfermos de toda Galicia a través dun convenio do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Inclúe tamén a atención educativa á poboación hospitalaria do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

En situacións de enfermidade, o proceso educativo vese interrompido temporalmente e a actuación educativa hospitalaria procura que o alumnado non se atrase no seu desenvolvemento persoal nin nas súas aprendizaxes, á vez que se procura atender ás súas necesidades psicolóxicas e sociais xeradas como consecuencia da hospitalización e da enfermidade que padece. A importancia de manter a continuidade e a máxima normalización das súas actividades e aprendizaxes escolares durante o tempo de estadia no hospital xustifica a necesidade do Programa Educativo de Atención Hospitalaria.



As alumnas e alumnos en réxime hospitalario manteñen a súa escolarización para efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. É por iso polo que o profesorado destas aulas deberá estar en coordinación estreita coa titoría, co departamento de orientación e, no seu caso, co profesorado do centro de referencia, que é o que deberá orientar o programa educativo. Hoxe en día, esta necesaria conexión entre os ámbitos escolar e hospitalario vese favorecida polas tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten a intercomunicación co profesorado e cos compañeiros e compañeiras.



## IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

### Proceso de incorporación e atención do alumnado na aula hospitalaria

Cando se dá a circunstancia de que un neno ou nena deba ser hospitalizado, o profesorado da aula hospitalaria informará a familia da existencia e características deste servizo e a familia comunicará ao centro educativo de referencia que o rapaz ou rapaza vai recibir este tipo de atención.

A atención que recibe o alumnado hospitalizado estará en función da duración da hospitalización considerando os seguintes grupos:

- Atención ao alumnado de longa hospitalización (máis de 30 días)
- Atención ao alumnado de media hospitalización (entre 15 e 30 días)
- Atención ao alumnado de curta hospitalización (menos de 15 días)
- Atención ao alumnado que acode ao hospital de día

O alumnado de longa e media hospitalización será o que reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas e lúdicas de carácter xeral. Desde a aula hospitalaria, e coa conformidade da familia, remitirase unha comunicación ao centro educativo, empregando o Anexo 01AEH, a través da cal se solicitará información referida á situación académica do alumno ou alumna.

Co fin de facilitar a coordinación entre os dous centros, o centro escolar de orixe remitirá á aula hospitalaria a programación para o período de tempo que se estime que poida durar a hospitalización, para o que

se empregará o modelo 02AEH. Este informe pode ser solicitado novamente para aqueles casos nos que a estancia hospitalaria se prolongue.



Así mesmo, e en función das características da situación do paciente, podemos falar de:

- Alumnado que acode á aula hospitalaria.
- Alumnado encamado que non pode desprazarse á aula.

As nenas e nenos que acoden á aula hospitalaria realizarán actividades educativas e/ou lúdicas acordes co período de hospitalización e coas súas posibilidades de mobilidade, atención e esforzo determinadas pola enfermidade que padecen.

O alumnado hospitalizado que ten que permanecer encamado, illado ou en repouso no seu propio cuarto tamén recibe atención educativa en función do seu estado e das recomendacións médicas.



Unha vez rematada a hospitalización, desde a aula hospitalaria enviarase ao centro de referencia un informe de seguimento da actividade educativa realizada na mesma, segundo o modelo 03AEH.





## RESPOSTA EDUCATIVA

### Que podemos facer desde a aula hospitalaria e desde os centros educativos?

Antes de analizar as respostas educativas que se poden dar ante esta situación, cómpre apuntar a grandes liñas cal pode ser a situación do neno ou da nena que se enfrenta á enfermidade. As súas posibles reaccións son distintas en función dunha serie de variables tales como:

- A idade, xa que non é igual a situación anímica dun neno ou nena de curta idade, máis apegado á súa familia, ca a dun adolescente, que ten un maior control das súas emocións.
- O tempo de hospitalización, xa que, segundo pasan os días, se converterá nun factor negativo para a súa estabilidade emocional.
- Contar cun diagnóstico ou estar á espera do mesmo.
- O tipo de patoloxía.
- A actitude da familia.
- A todo isto hai que engadirlle a preocupación polo aspecto académico, xa que se a enfermidade se prolonga no tempo, poden sentir o temor de perder o curso e deixar de formar parte do seu grupo habitual.

### QUE PODEMOS FACER DESDE A AULA HOSPITALARIA E DESDE OS CENTROS EDUCATIVOS?

O alumnado hospitalizado continúa pertencendo para todos os efectos ao seu centro educativo habitual, ao seu grupo-clase. Alí continúa o seu expediente académico e segue mantendo o seu profesorado titor.

O centro debe dar as respostas adecuadas a calquera necesidade educativa individual e colectiva, para iso deberá poder afrontar con rapidez e eficacia a situación particular do alumnado enfermo, empregando todos os recursos dos que dispón, especialmente cando se trate dunha enfermidade longa.

Cando se teña coñecemento dunha hospitalización media ou longa, a dirección do seu centro educativo debe remitir á aula hospitalaria, o máis axiña posible, a información precisa sobre o alumno ou alumna coa finalidade de axilizar o inicio da atención educativa.

Pola súa parte, o profesorado do centro, a través da persoa titora e, se for necesario, do departamento de orientación, debe cooperar co profesorado das aulas hospitalarias facilitando as orientacións e as programacións necesarias para o progreso académico do seu alumnado hospitalizado, de xeito que, na medida do posible, non se atrase educativamente.

Durante a hospitalización dun alumno o dunha alumna é moi importante que desde o centro se potencie unha relación activa para que siga sentíndose parte do grupo ao que pertence no centro. As interaccións co grupo da aula no momento da incorporación ao colexio van ser clave para superar as secuelas da enfermidade. Cómpre, por tanto, coidar os lazos existentes cos ámbitos nos que o alumnado desenvolve as súas formas habituais de vida: a súa casa, o seu centro, o seu grupo, as súas actividades... Desde a aula hospitalaria pódese propiciar o contato a través das tecnoloxías da información e da comunicación TIC. Ese coidado servirá para facilitar o reencontro e evitar que, á volta á rutina diaria, o alumnado que estivo hospitalizado se sinta diferente.

O uso das TIC revélase como unha ferramenta ideal de apoio ao traballo dos docentes que, dende o centro educativo ou dende o propio centro hospitalario, atenden o alumnado que non pode acudir á aula ordinaria. Por iso a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está desenvolvendo algúns proxectos que favorecen unha maior

presenza e divulgación das experiencias e recursos da rede ao servizo da atención educativa, tamén a hospitalaria e domiciliaria.

O proxecto websdinámicas (<http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas/>) é unha clara mostra dun sistema web que conecta o centro, o docente, a familia e o alumnado hospitalizado, creando unha contorna que favorece, ademais da comunicación co grupo de iguais e coa familia:

- A continuidade socioformativa co centro dun xeito deslocalizado e atemporal.
- A difusión dos contidos, recursos e experiencias con outras aulas hospitalarias, pois promove a creación de comunidades en liña.
- A elaboración, personalización e adaptación de contidos estruturados que favorezan unha aprendizaxe individualizada.

Todos estes aspectos vense tamén apoiados por ferramentas de uso libre como o xestor de contidos Drupal ; Copermine, unha fiestra para a publicación dos traballos do alumnado mediante imaxes, e Moodle, ferramenta de temporalización dos diferentes recursos a traballar.

Neste senso, é salientable o convenio da nosa comunidade autónoma co proxecto E-Hospital (<http://www.ehospital-project.net/>), mostra de que a teleformación é unha gran ferramenta terapéutico-educativa en situacións de hospitalización.

As iniciativas institucionais son potenciadas cos diferentes recursos que podemos atopar na agora chamada web social, ferramentas que maximizan o potencial comunicativo e favorecen o uso das novas tecnoloxías dun xeito máis humanitario e asistencial. Vexamos algunhas das posibilidades que nos ofrecen:

- **Ferramentas comunicativas**, que favorecen a presenza dos familiares/docentes dunha maneira deslocalizada. Ferramentas como OovoO, Skype, Vsee, ... son as máis utilizadas entre as que realizan videoconferencias. O simple uso do correo electrónico resulta xa altamente enriquecedor.

- **Contornas virtuais** como Second Life, Haboo, EDUSIM... ou o proxecto PREVIRNEC ([http://www.i2cat.cat/i2cat/servlet/I2CAT.MainServlet?seccio=8\\_38](http://www.i2cat.cat/i2cat/servlet/I2CAT.MainServlet?seccio=8_38)), auspiciado polo instituto Guttman, que pretende simular situacións da vida cotiá coa finalidade de apoiar a mellora neuropsicolóxica dos pacientes. Contamos con diferentes estudos que avalan o uso de contornas lúdicas e inmersivas como favorecedoras da rotura do illamento, así como minimizadoras das condutas en determinados trastornos xeneralizados do desenvolvemento.
- **Ferramentas de difusión de contidos.** O uso xeneralizado das bitácoras no eido educativo como difusoras das experiencias nas aulas hospitalarias ten unha tripla vertente beneficiosa:
  - Aumento da autoestima do paciente ao ser protagonista e difusor da súa traxectoria educativa .
  - Incremento do seguimento por parte dos determinados axentes que interveñen na súa formación.
  - Creación dunha rede comunicativa entre os diferentes asistentes na súa educación, así como entre as diferentes aulas.

Con todo, cómpre deixar claro que a rede, os recursos en liña e as súas ferramentas, deberémolas entender como “asistentes” terapéuticos complementarios que maximicen as posibilidades na creación dunha “ponte” entre os diferentes encargados na atención educativa hospitalaria e domiciliaria.

## NECESIDADES EDUCATIVAS E RECURSOS NECESARIOS

O alumnado hospitalizado vive unhas circunstancias especiais que cómpre ter en conta á hora de desenvolver un traballo educativo de calidade. Estamos a falar do aburrimiento, provocado polas longas horas de estadía no hospital; da desmotivación que leva consigo a enfermidade; do non saber como vai transcorrer a propia vida a partir

dese momento; ás veces, da presenza de dolor ou de molestias físicas; da angustia por non poder desenvolver o propio proxecto vital persoal e pola carencia da súa vida normal, así como da ansiedade como reacción ante esta nova e descoñecida situación.

Cómpre, pois, empregar unha serie de técnicas e poñer a disposición do alumnado os medios que o axuden a desenvolver a súa imaxinación, expresión e creatividade para resolver e/ou incorporar dun xeito positivo esta situación á súa vida. A lectura, a escritura, a expresión artística e as tecnoloxías da información e da comunicación poden contribuír de xeito óptimo a afrontar todas esas problemáticas.

É de considerar tamén a necesidade de favorecer a creación dun clima que leve a comunicar e expresar as vivencias tanto cos novos compañeiros e compañeiras de hospitalización como cos da súa clase habitual e incluso co alumnado doutras aulas hospitalarias, de xeito que os nenos e nenas poidan atopar persoas semellantes que están pasando por circunstancias similares.

## **RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS DAS AULAS HOSPITALARIAS**

O SERGAS proporciona os espazos axeitados, o mantemento dos mesmos e a colaboración do persoal sanitario para o desenvolvemento das actividades.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria proporciona o profesorado e financia economicamente estas aulas, ao igual ca calquera outra situada nun centro de ensino público da Comunidade Autónoma. Achega, así mesmo, os recursos materiais (equipos informáticos, libros...) para o seu funcionamento.

O profesorado, cuns horarios adaptados ás circunstancias especiais en que se desenvolve a vida nos centros sanitarios, é o eixe das actividades das aulas hospitalarias.

Nalgúns casos hai colaboración interinstitucional con outras entidades, como a Fundación La Caixa, que colabora coa posta en funcionamento das Cibercaixas. Estas son un complemento de ocio e formación do alumnado hospitalizado e da súa familia e amizades. Están equipadas con material informático, audiovisual, literatura infantil e xuvenil e diversos xogos didácticos axeitados para as diferentes idades.

A colaboración de voluntariado e estudantado en prácticas é imprescindible para poder ocupar lúdica e educativamente os pacientes de pediatría durante toda a xornada e nos momentos de horario non lectivo, fins de semana e períodos vacacionais.



## A INTERVENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA

Como calquera outro espazo educativo, é preciso organizar a intervención educativa que se vai desenvolver.

A primeira premisa que cómpre ter en conta vén derivada dos condicionantes que rodean os nenos e as nenas: a enfermidade, o distanciamento da súa contorna habitual ou as condicións físicas e psicolóxicas, entre outros.



Os obxectivos que se propoñan terán un marcado carácter educativo e formativo. Isto implica que se poñerán en marcha, non só actuacións dirixidas a que o alumnado acade os obxectivos propiamente pedagóxicos que xa veñen determinados polo seu centro de referencia, senón tamén outras encamiñadas a preparalo para superar situacións que vai vivir durante a súa estancia no hospital: coñecer e superar os efectos psicolóxicos producidos pola enfermidade; saber aproveitar o tempo de lecer; compartir as súas experiencias con outros rapaces e rapazas; prepararse para a volta ao colexio, etc. Estes obxectivos poden agruparse en tres bloques: pedagóxicos, psicolóxicos e sociais.

Entre os obxectivos da atención educativa hospitalaria cómpre destacar os seguintes:

- Atender integralmente (necesidades de aprendizaxe, lúdicas, psicolóxicas, sociais, afectivas e emocionais) o alumnado hospitalizado e, na medida do posible, as súas familias.
- Valorar diariamente as súas necesidades educativas axeitando a intervención educativa ás situacións individuais e cambiantes da vida hospitalaria.
- Intercambiar periodicamente información cos centros escolares de referencia coa finalidade de coordinar, apoiar, asesorar e orientar o profesorado nas necesidades especiais que implican as diferentes enfermidades.
- Colaborar e recadar colaboración do persoal sanitario na detección de dificultades, na observación de variacións no comportamento, no estado de ánimo e proporcionar todos aqueles datos que se consideren relevantes na mellora da saúde do neno ou da nena.
- Dar un carácter positivo e un contido formativo aos tempos de lecer.

- Colaborar e recadar colaboración de asociacións que traballan en prol do alumnado hospitalizado.
- Desenvolver a súa creatividade presentando alternativas pedagóxicas que permitan a expresión e liberalización dos seus conflitos psicolóxicos (síndrome de hospitalismo).

Os contidos que cómpre desenvolver nas aulas hospitalarias son, polo tanto, contidos propios do currículo escolar e contidos específicos das aulas hospitalarias. Os contidos específicos refírense á vivencia da enfermidade como un proceso que non ten que ser angustioso, á comunicación con outros nenos e nenas e á valoración do tempo de hospitalización como un tempo positivo e creativo.

As actividades que se desenvolvan realizaranse tanto de forma individual como en equipo. Cómpre potenciar o traballo en común, xa que a cooperación entre iguais é fundamental para a integración do alumnado no espazo hospitalario.

Ao igual ca en calquera centro escolar, nas aulas hospitalarias levarase a cabo a avaliación do alumnado partindo do traballo diario de cada un dos alumnos e alumnas e tendo en conta os obxectivos específicos que deben conseguir e que quedaron fixados con anterioridade. A avaliación remitirase ao centro de referencia cando se dea a alta hospitalaria empregando o modelo 03AEH.



## ASPECTOS METODOLÓXICOS XERAIS

A poboación infantil hospitalizada atópase nunha situación especial que pode ser vivida como hostil e emocionalmente angustiada ou con ansiedade. O alumno ou alumna pode sentirse preocupado pola enfermidade en si, polas probas e polos tratamentos médicos, pola separación familiar..., pero segue sendo unha nena ou un neno e polo tanto terá as mesmas necesidades e as mesmas inxerencias que calquera outro da súa idade.

Na aula hospitalaria atopamos diferentes idades, distintos cursos académicos e diversos estilos de aprendizaxe. Polo tanto, a atención á diversidade é imprescindible. Deberemos axustarnos a cada ritmo de traballo e a cada situación persoal e deberemos ser metodoloxicamente flexibles en todo momento. As liñas metodolóxicas que se sigan serán personalizadas e axeitadas á idade e características particulares de cada alumna e cada alumno.

Tentarase dar resposta ás necesidades de socialización organizando actividades en grupo que permitan a relación, a comunicación e o coñecemento da rapazada ingresada.

Os elementos motivadores cos que o profesorado das aulas hospitalarias debe contar serán aqueles que aseguren o éxito na súa tarefa: os que lles proporcionen aos nenos e ás nenas hospitalizadas a ilusión por participar nas diferentes actividades propostas.



## PAPEL DAS FAMILIAS

### Que poden facer as familias

A enfermidade de calquera nena ou neno é motivo de grande preocupación para a súa familia. Farán a súa aparición o medo, a ansiedade, a culpabilidade, a desconfianza, o temor, a angustia, a inquietude, a non asistencia ao traballo por parte dos proxenitores, a preocupación pola perda das clases ou polo coidado doutras criaturas e/ou doutros familiares, etc.

Desde o momento en que se coñece a enfermidade dun fillo ou filla, a reacción das familias pasa por tres fases:

- Unha primeira, relacionada cunha sensación de perplexidade, na que non poden crer o que lles está pasando.
- Un segundo período de rabia e resentimento, que pode acabar desencadeando enfrontamentos con outras persoas, ás veces por buscar culpabilidades que non sempre existen.
- A terceira e última fase, onde a familia se resigna e acepta a nova situación, así como o diagnóstico.

Será nesta terceira fase cando se senten as bases do que será a actuación da familia co enfermo ou enferma. Dado que a familia vai ser o principal soporte anímico no que se apoie o alumnado das aulas hospitalarias, vai depender da súa actitude positiva que o neno ou nena mellore máis rapidamente. As nais e os pais son fundamentais á hora de prestar apoio afectivo e emocional para conseguir enfrontar a enfermidade con optimismo e, deste xeito, evitar desaxustes psicolóxicos para superala con maior rapidez.

No propio hospital, no momento do ingreso, pónense en marcha unha serie de recursos encamiñados a dar resposta esta problemática na que toda a familia se atopa inmersa. Nun primeiro momento farase todo o necesario para curar a enfermidade e, de seguido, para resolver as cuestións que os poden preocupar: apoio escolar e apoio afectivo e emocional, tanto á familia coma ao nena ou neno hospitalizado.

É moi frecuente en situacións deste tipo que as familias pretendan sobreprotexer, consentir e mimar en exceso os rapaces, polo que cómpre lembrarilles que deben dar apoio emocional, achegar seguridade, pero sempre mantendo unhas normas, unhas esixencias mínimas, unha confianza e un respecto e aprecio polas persoas profesionais que os coidan.

É, pois, papel das familias animar as nenas e os nenos para que acudan ás clases ou reciban atención educativa no propio cuarto, colaborar co centro de orixe para achegar libros de texto e outros materiais que recomenden utilizar, así como servir de comunicación entre ambos. En resumo, a resposta dunha familia, unha vez superada a confusión inicial, debe ser de apoio, de estímulo, cunha actitude positiva e esperanzada na mellora dos rapaces e rapazas, xa que é o principal punto de apoio dos enfermos e enfermas e estes reaccionarán en función do que a súa familia espera deles. Da actitude positiva das familias vai depender que se viva esta experiencia do xeito menos traumático posible.



## QUE PODEMOS FACER NA AULA HOSPITALARIA, EN RELACIÓN COAS FAMILIAS?

A actitude do persoal sanitario e das aulas hospitalarias sentará as bases da axuda que as familias poidan prestar aos seus fillos e fillas. Para iso, o persoal sanitario deberá dar información precisa sobre a enfermidade, o diagnóstico, os tratamentos, o proceso de recuperación e as secuelas, así como sobre as normas e rutinas propias do hospital.

Se a información sobre a saúde lle corresponde ao equipo sanitario, aos profesionais da educación incúmbelles implicar as familias nos procesos educativos e facelo de maneira planificada: explicándolles a situación do estudante hospitalizado, transmitíndolles que deben estar tranquilos, dándolles apoio anímico, facéndolles ver que elas tamén inflúen na recuperación, involucrándoas na vida da aula e orientándoas de cara as actividades lúdicas e educativas.

As actividades que se programan no hospital para o tempo de lecer poden ser un grande apoio para o alumnado e para as súas familias, do mesmo xeito que o contacto que se poida establecer con asociacións de persoas que padecen a mesma enfermidade. Desde a aula hospitalaria poderase facilitar este contacto.









## ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

### Que se entende por atención educativa domiciliaria?

Responde a esta denominación a atención educativa que recibe o alumnado cando, despois de padecer unha enfermidade ou de sufrir un accidente, e por prescripción facultativa, deba permanecer convalacente no domicilio familiar, sen poder asistir ao centro educativo durante un período de tempo superior a un mes.

O servizo de atención educativa domiciliaria está concibido para aquel alumnado que estea matriculado en niveis do ensino obrigatorio en réxime xeral, aínda que se poderá atender o alumnado de educación infantil e secundaria postobrigatoria se o caso o require e se se dispón dos recursos necesarios.

As condicións e requisitos que se deben cumprir son os que seguen:

- O período de convalencia no domicilio familiar e de non asistencia ao centro escolar por prescripción facultativa deberá ser polo menos dun mes ininterrompido.
- Deberase presentar no centro educativo o correspondente informe médico que xustifique a medida así, como a estimación do período de tempo durante o cal o alumnado non pode asistir a clase no seu propio centro escolar.
- A solicitude de atención educativa domiciliaria deberá ser tramitada pola dirección do centro educativo ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación Ordenación Universitaria a través da Inspección Educativa.



## IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

### Quen a fai e como se leva a cabo?

Para o proceso de atención educativa ao alumnado durante a súa convalecencia no domicilio familiar terase en conta que:

Deberá ser solicitado empregando o modelo 01AED. Este documento seralle facilitado á familia na aula hospitalaria ou no propio centro educativo.

A demanda deberá ser formulada pola familia á dirección do centro educativo de referencia, xuntando o informe médico que certifique que a persoa enferma deberá permanecer no domicilio familiar por espazo de tempo superior a un mes (modelo 02AED). Desde a dirección tramitarse ao correspondente Servizo de Inspección Educativa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (modelo 03AED).

A solicitude acompañarase tamén do correspondente informe de atención educativa hospitalaria, cando sexa o caso (modelo 03AEH).

A titora ou titor, xunto co departamento de orientación educativa do centro, velará pola elaboración da proposta curricular para traballar co alumnado no seu domicilio, que será trasladada ao profesorado de atención domiciliaria, de ser o caso, segundo o modelo 06AEH. A finalidade deste profesorado é servir de vencello entre o centro educativo, a aula hospitalaria, se for o caso, e o alumnado no seu domicilio.

O profesorado de atención domiciliaria coordinarase co/a titor/ e, de ser o caso, recadará información do profesorado da aula hospitalaria para coñecer a situación académica na que se atopa o estudante e establecer un plan de traballo.

No momento de incorporación do alumnado ao seu centro habitual, ou ao final de cada trimestre escolar, o profesorado domiciliario elaborará un informe de valoración do proceso de ensino-aprendizaxe, segundo o modelo 05AED.

## RESPOSTA EDUCATIVA

### Que podemos facer nos centros educativos?

*\*Véxanse ao respecto as indicacións sobre o uso das TIC na páxina 18*

Cando a convalecencia se produza no domicilio familiar, a dirección do centro deberá axilizar os tramites administrativos para solicitar a atención educativa domiciliaria. Así mesmo, o profesorado do centro, a través da persoa titora e, se for necesario, do departamento de orientación, facilitará as reunións de coordinación co profesorado de atención domiciliaria, coa finalidade de poder realizar unha atención educativa coherente e o máis similar posible á que recibiría o alumnado no seu centro educativo.

